

Ide reservando o **sábado 25 de maio**, porque no **PAZO DA PEREGRINA DE BERTAMIRÁNS** temos **unha festa non, unha festaza**, a **V FESTA DO APEGO DE AMES**, unha xornada completa de actividades continuadas e simultáneas para favorecer a socialización e a crianza en galego. Tedes toda a info nos arquivos que vos van anexos, pero que saibades que....

Gústanos os concertos? Haberá dous ben divertidos, un de mañá (**GOLFIÑOS**) e outro de tarde (**OVIRAVAI**).

Gústanos os contos? Na festa do Apego temos varios canastros cheos deles e viránnolos contar **MARTA ORTIZ** e **ÁNGELES GOÁS** acompañada da música de **CRISTINA CASTRO**. E tamén podedes enconralos, lellos e contalos no **Espazo de Recursos de CRIS DE CALDAS**. Por certo, Cris de Caldas estará toda a xornada para asesorarvos sobre que recursos podedes utilizar en momentos clave da crianza (comezo da escola, sacar o cueiro, cambios na familia, chegada de outro membro á familia, perdas...) ou para tratar temas importantes (diversidade, igualdade, coidado do medio...)

Que se habrá maxia? Claro que si, teremos connosco ao gran **MAGO PACO** que deixará abraiada a xente grande e miúda cos seus xogos e trucos de maxia.

Que seica sodes fans do teatro de monicreques para crianzas? Na festa do Apego poderemos ver o novo espectáculo de **TÍTERES**

BABALUVA no que a voz e as mans de **Mirari Urruzola** e o piano de **Merran Laginestra** nos animarán a camiñar cara á un mundo máis xusto, equitativo e sostible.

E gustaríavos favorecer a creatividade das vosas crianzas? Pois teremos durante toda a xornada un obradoiro creativo, dirixido por **PEDRAS DE PAPEL**, no que aprenderemos a traballar con pasta de papel para crear os personaxes dos nosos propios contos.

Ah, que sodes máis de xogar...? pois estará **Brazolinda** co seu espazo e **xogos de mesa** e **Miudiño** co seu **espazo Terra** de material natural desestruturado para poñer a proba a vosa creatividade e imaxinación.

Que estades pensando en facer unha tatuaxe ou en renovar as vosas chapas? Pois claro que na Festa do Apego teremos **tatuaxes (temporais) e chapas con Apego**. E ata habemos ter algunha **lambonada**, para quen lle gusten.

E que **sabedes de alguén que aínda non ten moi claro que é iso do Programa Apego** e que recursos pon ao dispor das familias... pois pola festa andaremos persoal do Servizo de Normalización Lingüística para **explicarvos todo o que precisedes**.

E se chove?? A festa non vai parar por unhas pingas... **Farémola na Casa da Cultura de Bertamiráns**.

E a inscrición nas actividades? Desta vez NON É PRECISO INSCRIBIRSE. Todas as actividades serán con entrada libre e gratuíta. Se é en exterior, imos ter sitio para todas e todos e, se ten que ser en interior, a capacidade das salas completarase por orde de chegada.

Agardamos que sexa unha xornada ben divertida e proveitosa e **contamos con todas e todos vós no Pazo da Peregrina de Bertamiráns o sábado, 25 de maio.**

Un favoriño, axudádenos a darlle difusión convidando ás vosas amizades!

Aperta grande!